



Concello de Lugo

## **IV CONCURSO CEMITERIOS ESPAÑOLES 2017**

O Cemiterio municipal de San Froilán resultou seleccionado como finalista na primeira fase do IV Concurso de Cemiterios españoles, logo do ditame do tribunal de especialistas en arte e servizos funerarios nomeado para os efectos.

Nesta ocasión o Concello presentou a súa candidatura na categoría de mellor actividade de portas abertas nos cemiterios e para iso elaborou unha memoria da programación de actividades culturais realizadas no recinto do Cemiterio municipal de San Froilán, durante os últimos anos, para a posta en valor da riqueza artística do patrimonio histórico e cultural que se custodia no recinto e para potencialo como un espazo de reflexión, calma e acougo.

A traxectoria, neste sentido é froito dunha actividade planificada e ardua, cun obxectivo claro que ademais de potenciar a difusión entre a cidadanía da riqueza patrimonial do noso cemiterio, tamén pretende afondar no concepto da morte como parte ineludible do ciclo vital e contribuir a unha visión máis asertiva do feito natural do fin da vida.

Este concurso, que xa vai camiñando nunha cuarta edición, é convocado pola “Revista adiós cultural”, activo importante na divulgación da cultura funeraria, financiada e editada por Funespaña, en cuxa folla de ruta marca como obxectivos a potenciación de actividades culturais en torno aos cemiterios, a posta en valor do patrimonio funerario e a súa divulgación.

Conta con dúas fases: a primeira na cal un xurado integrado por especialistas en arte e servizos funerarios, selecciona dez candidatos dentro de cada categoría, na cal nestes momentos está incluído o noso cemiterio.

Na segunda fase, estas dez propostas sométense á votación pública a través da páxina [www.revistadios.es](http://www.revistadios.es) con obxecto de que a cidadanía poida elixir entre esta selección previa do xurado a que será a finalista.

Esta é a segunda ocasión na cal o Cemiterio de San Froilán participa neste concurso, acadando na primeira, no ano 2015, o galardón de Mellor Monumento Arquitectónico de España.

A participación neste Concurso supón unha nova ocasión para visibilizar o noso patrimonio e para marcar un paso máis na potenciación do cemiterio de San Froilán, non só como obxecto de turismo patrimonial, senón tamén emocional.



MURALLA  
patrimonio da humanidade